

10ª PROPOSTA DE ACTIVIDADES:

Sen perder de vista → as "rutinas diarias" (especialmente, comezando pola asemblea inicial e o que conleva... para que se den conta que comeza o seu "tempo" de "escola na casa") → e hoxe que nos visitaría o profe Daniel, de Educ. Física, e a profe Sara (nenas de A.L.) mais o apoio de Ana (ide ao seus apartados para ver que vos propoñen facer...). Dito isto, aquí vos deixo as propostas para que fagades nas vosas casas (tamén podedes combinalas, a vosa elección, coas que xa tedes con anterioridade):

POMOS A PROBA A TÚA ATENCIÓN ?

→ QUE FALTA AQUÍ? O primeiro que debemos facer é conseguir obxectos pola casa cos que xogar a un xogo que favorece a observación, atención e a memoria. Non deben ser de gran tamaño, máis ben pequenos, xa que debemos poder tapálos cunha tea, mantel ou algo similar. Poden estar relacionados entre sí ou non, como vexades (formas, cores, usos, letras, números) ... Por exemplo: un coche de xoguete, unha pelota, un coitelo, unha carta, unha peza de construción... O xogo consiste en que vexa ben os elementos que lle ofrecemos durante + - medio minuto; quitamos un dos obxectos e tapámolos coa tea (mentres, o peque non pode mirar o que facemos). Deberá adiviñar que obxecto é o que falta. Cada vez que xoguen, quitaremos un obxecto diferente, que tralo xogo, devolveremos xunto cos demais. Comezaremos ofrecéndolle 4 obxectos e, pouco a pouco, irémoslle engadindo máis. Cada vez que xogemos, en días diferentes, poderemos ir variando os obxectos, o tempo (cada vez deberá memorizar en menor tempo), o número de obxectos que quitaremos na mesma quenda, etc.

*A partir de aquí, son moitas as actividades que poden xurdir (conteo, lecto-escritura, inventarlle novos usos, debuxalos...). A modo de exemplo, propóñovos que, unha vez feito o xogo durante unhas cantas veces, eles mesmos escollan 3 dos obxectos cos que xogaron e que inventen unha soa frase na que os inclúan.

XOGAMOS COAS PALABRAS ?

➔ APRENDEMOS UN TRABALINGUAS?

Primeiro, lembraremos un que, de seguro, lles soará:

"EL CIELO ESTÁ ENLADRILLADO*
¿QUIÉN LO DESENADRILLARÁ?
EL DESENADRILLADOR QUE LO DESENADRILLE
BUEN DESENADRILLADOR SERÁ."

* No cole tamén o facíamos con: " EL CIELO ESTÁ ENCAPOTADO (...)

Segundo, xogaremos coa nosa lingua mentres aprendamos este trabalinguas:

"PEPE PECAS PICA PAPAS* CON UN PICO.
CON UN PICO PICA PAPAS PEPE PECAS."

(* Para os que non o saiban as PAPAS, tamén son as patacas). Podedes aproveitar para que o copien nun papel... lle conten o número de letras que ten cada palabra, se saben o nome desas letras; contar as súas sílabas = palmadas; contar as palabras que ten cada frase, que remata co punto. Ademais, podedes aproveitar para que ordenen as letras dalgunha/s palabra/s e, incluso, para os maiores, se escriben cada palabra nun anaco de papel e as recortan, poden ordenar as palabras para construír unha ou as dúas frases. Escribir o texto en minúsculas, etc.

SODES BOS CONSTRUCTORES ?

➔ ÍMONOS CONVERTER NUNS BOS ARQUITECTOS E CONSTRUCTORES: O xogo que aquí vos propoño pode facerse con moito tipo de material, non só o propio para construír... En calquera caso, son moi divertidos e poden facerse caseque con calquera cousa. Polo tanto, buscade pola casa todo aquilo que vos sirva para construír (caixas, cartas, pinzas, botes, tapóns... que tamén se poden mesturar) unha sólida e altísima torre ou o que se vos ocorra... agora sí póndevos mans á obra!!! Como exemplo, deixovos esta torre feita con pinzas e depresores de madeira. Podedes probar de mil maneiras a plasmar todas as vosas ideas !!!



DEMOSTRAS A TÚA HABILIDADE ?

➔ **XOGOS DE MOTRICIDADE FINA:** Son fundamentais para desenvolver os movementos das súas mans e o que elo conleva (...). Propóñoche **dous**, sen previa preparación e outro, que si teremos que elaborar... dándolle a forma que queiramos (para que eles leven unha boliña polo camiño, cara adiante, cara atrás...).

● **1º.-** Cuns cantos limpiapipas e/ou palliñas de beber, así coma un colador que teñades pola casa, poden entreterse a colocar nos buracuños os elementos na orde/posición/forma... que se lles ocorra. É super entretido!



- 2º.- Neste caso, necesitarás dunha caixa/tampa de cartón; pegamento; palliñas ou elemento = parede; e unha pequena pelota ou bola. O xogo consiste en facer un labirinto polo que o/a peque deberá levar a pelota ata chegar ao final. Aquí vos deixo un exemplo:



XOGAMOS CUNHA LANTERNA ?

➔ ALGÚNS XOGOS QUE PODEMOS FACER "ÁS OSCURAS" son, por exemplo:

- O "escondite" con lanterna: As persoas que teñen que agocharse/"esconderse" levan, consigo, cadansúa lanterna acendida. Se quen "busca" ve o luz da lanterna, xa se pode entender como que xa os atoparon.
- "Capturamos a bandeira" en versión lanterna: Hai que marcar uns límites na zona na que xoguemos e temos que usar dúas lanternas como bandeiras. Cubrimos a luz da lanterna. Un bando tratará de que non lle "leven" a súa bandeira e, á vez, deberá tratar de coller a "bandeira" do outro bando. Agora, se vedes que a lanterna que tedes que protexer, se move, mellor que o voso equipo... SE POÑA A PILAS!!!
- Conxelación con lanterna: Empeza a moverte e a bailar ata que a luz da lanterna te ilumine. Cando isto aconteza, terás que quedarte conxelado. Mentres tanto, os demais que non estean sendo "apuntados" poden seguir bailando.

- **Espectáculo de títeres con sombras:** Podes crear un escenario apuntando con unha lanterna a una parede pouco iluminada e pór en xogo diversas personaxes que se converteran nas "sombras" que van a actuar.
- **Seguir a la lanterna:** Apuntar con una lanterna ó chan ou a parede e ... outra persoa pode ir seguindo o camiño. Resulta moi entretido para os peques e, ademais, é moi gracioso velos saltar e seguir a luz...

ATREVESTE CUN CAMIÑO DE OBSTÁCULOS?

➔ **CAMIÑO DE OBSTÁCULOS:** A idea é moi simple... trátase de buscar un lugar no que "enxeñarse" a creación dun camiño polo que podedes pasar... pero sen rompelo/tocar ... as regras que poñades. Pódese empregar un pasillo (é o máis sinxelo e fácil de limitar), unha formación de sillas, etc. Escollido o lugar, o material que empreguedes para facer de "obstáculos" será o que prefirades, por exemplo, fíos de lá, tiras de papel, etc. Podedes crear varios... pero comezade con algo fácil que poidades ir complicando... por certo, os adultos tamén podedes xogar!!! Como unha imaxe vale máis que mil palabras, aquí vos deixo un exemplo:



CAL É A SOLUCIÓN DA ADIVIÑA (5)

QUE VOS PROPUXEN SOBRE O MAR?

➔ POR FAVOR, DECÍDELLO AOS PEQUES PERO **SÓ** UNHA VEZ QUE TRATASEN DE FACÉLA. (Quero pensar que como xa a mandei martes desta semana, debería estar feita... do contrario, primeiro facédea e logo, dádeslle a solución). Lémoslle de novo a Adiviña...

*¿QUÉ BICHO DIRÍAS QUE É,
QUE É ALGO E NADA Á VEZ?*

Cal é a solución? **Segundo Caselín**, a solución é: calquera dos animais que cumpran estas condicións. Por exemplo: calquera peixe; o delfín; a balea; etc. (non hai unha única solución, hai moitas posibilidades). A próxima semana, invítovos a que fagades outra nova adiviña.

ALGUNHA CANCIÓN PARA ESTES DÍAS?

➔ "NON BOTES O LIXO NO MAR", (de SURF AND SUN) que nos lembra algo moi simple e á vez, imprescindible, para coidar o mar, as augas e o noso Planeta.

<https://youtu.be/uJQfxJovwwl>

➔ "CUANDO ESTÉS AQUÍ" (de Pablo Alborán, na corentena)

<https://youtu.be/b8qTORBwGPo>

POR HOXE ... Creo que é SUFICIENTE !!!



Un biquiño enorme para os meus peques !!!

Profe SANDRA